

A Xanela

Revista cultural das Mariñas

Nº 13

PRIMAVERA

2002



LABRADOR DA PROVINCIA DE BETANZOS.
Juan de la Cruz Cano, "Colección de trajes de España", 1777

COLABORACIÓNS

Paulo Martínez Lema, Iolanda González Villar, Lucía Aldao, Maxi Rei, Xabier López, Medos Romero, Gabriela Rodríguez, Fernando Botto Semedo, Ruy Ventura, Margarida Parreira Alves, Nicolau Saião, Antón Fafián, Xosé M^a Veiga, Juan Sobrino Ceballos, Xesús Torres Regueiro, Olga Kirk, Pablo Díaz Carro, Xosé Luis Sobrino e Baraxeiro.

TEXTOS

Frei Martiño Sarmiento, Ramón Villar Ponte e Roldán Paderne

DESEÑOS

Víctor Tizón, Bieito, Miguel Cuba, Olaia Torres,
Luis Otero, Calros Silvar e A. Portela.

FOTOGRAFÍAS

Veiga, Sobrino, Baraxeiro, Arquivo Ruote e
Arquivo Eira Vella.

COORDENA

Suso Torres

MAQUETA

Equipo Xerri

IMPRIME

Lugami, Artes Gráficas. Betanzos

D.L.

C - 1696 /96

Permítese e agrádese a reprodución, citando a procedencia.
O noso E-mail: <http://eiravellabetanzos@yahoo.com>

A.C. EIRA VELLA. Edificio das Antigas Escolas do Asilo, baixo.
Praza do Mestre José Dapena. BETANZOS 15300. GALICIA.

Parabéns:

A todos os anunciantes (locais comerciais, empresas e entidades) que fan posible a saída dun novo número de *A Xanela* pola súa fidelidade e colaboración.

Correo electrónico:

Dende hai un tempo contamos co noso correo electrónico para todas aquelas persoas e entidades que queiran poñerse en contacto connosco por esta vía. <http://eiravellabetanzos@yahoo.com>

Intercambios:

A *Xanela* intercámbiase con outras publicacións culturais de calquer ámbito. Para solicitar intercambio dirixirse ao noso enderezo: Praza do mestre José Dapena. Edificio Antigas Escolas do Asilo, baixo. 15300, Betanzos.


Dado o excesivo aumento das tarifas postais e a nosa precaria economía (sen apenas axudas oficiais) vémonos na obriga de suspender moitos envíos da *Xanela* que viñamos facendo desinteresadamente a persoas e entidades culturais diversas. Sentímolo ben. Pola mesma razón, suprimiremos o noso Apartado de Correos, polo que se queredes comunicarnos connosco teredes que facelo ao enderezo enriba citado ou ben ao noso E-mail.



Festa das Letras: P. Sarmiento

Para os que garden a colección da nosa revista será bo lembrar que no nº 1 de *A Xanela* (Primavera 1996) publicamos "O percorrido mariñán do Padre Sarmiento", con motivo do III Centenario do seu nacemento. Agora pode ser bo momento para reler o seu paso pola nosa bisbarra mariñana.

Víctor Tizón



Bieito

Evaristo Antelo

Paulo Martínez Lema

Como ben se deduce da rotundidade do apelido, este paisano non era de natural chairego, senón que viñera dende os anchos horizontes das nosas fisterras, concretamente de Borneiro, en terra de Bergantiños. Fixérase o Evaristo fillo adoptivo do país por obra e gracia da súa muller, a Camila de Parga, de sona na Chaira enteira e parte do estranxeiro por descubri-lo segredo para facer que o arroz se non pasade na paella. Coñecéranse os dous na romaxe do San Vitorio de Damil, á que acudira o Evaristo por mor dunhas espullas coloradas que se lle puxeran na tampa dereita cando tiña dez anos. O santo fixo o seu e, por intercesión de panos mollados e misa cantada, curoulle as verrugas e a maiores deulle moza e logo muller de creto. O Evaristo, afagado por tanta amabilidade por parte do panteón chairego, decidiu ficar a vivir aquí logo de casado, e, que un saiba, nunca deu mostras de arrepentimento.

O Evaristo Antelo trouxera dos seus confins naturais historias de santos que lle facían a vida imposible ás serpes, e de mouros de pel negra e cabelos rubios que se deixaban ver nos castros da beiramar, e de pitas de ouro cos seus poliños de idéntica natureza. Pícaros houbo que aseguraron ve-lo San Adrián cabalgando polos prados de Matodoso cunha cobra agarrada polo pescozo, ou barcos de piratas naufragando entre as augas da lagoa de Cospeito. Contaba os contos facendo música ó falar, porque era música aquel seu seso variábel, aquela gheada especialmente coidada, que se preocupaba moito de manter cunha ración diaria de gárgaras de augardente e ovos fritos con perdices. Por non estraga-la gorxa coa puvisa chairega, tan abafante e impertinente na xoula de agosto, o Evaristo ía ás mallas cun anaquiño de tea ó que incorporara unha goma elástica, e con ese invento protexía a boca e maila gheada que tan seus facía aqueles contos.

Pero marabillaban especialmente as historias e anécdotas exóticas, que el situaba en selvas ou pantanos ou montañas moi afastadas, nas que inda os homes non eran cristiáns e algúns deles mesmo se adicaban a manxa-los propios conxéneres en época de moita escaseza. A Camila arpepiábase a primeira ao escoitar tales cousas saír da boca do bergantiñán, e este, en canto o advertía, apresurábase

para subsanar posíbeis medos do auditorio.

—Pro de todos xeitos, vós estádevos tranquilos, que estas cousas só pasan pola India, e pola China, moi para aló de Lugo...

Entre as cousas que aportara á dote, o Evaristo gababa moito unha gaiola feita de paos dourados, que nunca se soubo se era realmente ouro ou simplemente unha imitación. O que si se sabía, e de moi boa tinta ademais, era que cada vez que viña vento do norte ou treboada, aparecía de súpeto na gaiola un pardal azul e vermello coas poutiñas a pencas grises. Púñase a choutar dun lado para outro, sen saberse nin quén o metera alí dentro nin cómo, pois non había porta ningunha na gaiola pola que se puidese ter feito. O pardal chiaba con notas estridentes e acababa soando coma unha muiñeira, e en raras ocasións con ritmo de alalá,

Ilustración: MIGUEL CUBA

sendo este último sinal terríbel, pois avisaba de grandes raxas de sarabia e estrago de cultivos.

Esto era a evidencia, o que realmente ocorría coa gaiola de marras, ata o punto de que nos Anais Chairegos así ficou escrito, con letra de pao moi coidada e firme do escribán de Gaibor, Indalecio Vázquez Edrosa-Montpellier, que en paz descanse e ben mantido. Ora ben, eu non sei se crerlle ó Evaristo a historia da gaiola, da súa orixe e descuberta.

—Foiche ben sinxelo -dicía-. Un amigo meu de Corcubión, mariñeiro fornido e amo das romarías, non satisfeito el coas mulleres que o pretendían, entrou en amores cunha serea, de nome Xeoveva. A serea levouno unha chea de veces visita-los seus dominios, que son as chairas e campos mergullados entre os cabos de Touriñán e o Lens. Agasalloulle moitas cousas, entre elas esta gaiola que aquí

vedes, que non vos caiba dúbida que é ouro, ouro puro, do que rapiñou esa raza de putiñas medio peixe na cidade mergullada que hai diante mesmo de Pontedeume. A gaiola servíalles para prognosticalo tempo, o mesmo para o que a utilizo eu agora que é miña, porque se había borrasca tiñan todas que xuntarse para ver de aproveita-lo naufraxio dalgún navío ou algunha dorna de pescadores. E así vos foi o conto! Un día o meu amigo casou coa Xeoveva, e nunca máis souben del. Deixouma como lembranza, e eu agradézollo, que o pardal este, ó que puxen de nome Merlín, évos ben útil!

O Evaristo trugaba un ollo, e de contado comezaba a abalarse a gaiola con ímpetos breves e secos, e nós sabíamos que dun intre a outro aparecería por obra máxica o Merlín para cantarlle a benvinda ó vento do norte.

Eu non sei, pero...



Urticaria

Ágora espesa e ondulante
Espiras de insuas escarpadas
Agonizas nun parapeto interminabel
en surcos perfilados
na face alongada
dos acantilados verticais
A marea arrastra o esquencemento
e medras fachendosa sobre xuncas
diluindo brétemas e calimas
E emerxes nun entramado de ortigas
E sumerxida es un anaco
de medroso océano
que anega os pensamentos
Vastos areais onde se estrelan lamentos
onde copulas co vento
Tinguida por veces de añil,
por veces azulada
co teu disfraz de anémona celeste
Núa es unha bágoa xigante
de auga
perfecta e amorfa
fría, acuosa.

Iolanda González Villar

Decoración ebria

Poderíamos encher as habitacións de espirais que volten tolos
e durmir nos arpexios das cancións que nos fagan chorar.
Coleccionaremos escapularios de ollos
e afogaremos en rechamantes bufandas de aramio e cristal...
así non pasamos frío.
Cando remate a intimidade condicional
voltarei á miña casa, que é un bolígrafo,
a debuxar perfumes das cousas que non lembro
porque tanto jazz non podía ser bo.
Agora quero que te molestes en dar a volta ó papel
(XA)



e que sigas lendo o único que me faltou por beber.
Así
baixiño
na orella
silencio que ecoa nos ruidos de mar...
Máis feble aínda;
a miña alma saúda con luvas rotas,
cámara lenta e xeo...
Pecado e pecador,
todos no lapis,
e eu queréndote porque o pronome átomo
nunca pode encabezar unha frase
e quedo castigada "no ceo, con diamantes",
pintando as ausencias con xiz.

As cadeiras


Maxi Rei

Non é a nosa casa aínda que se cadra é a nosa casa; aquí, neste cuarto nas horas da noite usurpadas ó sono, habitan sobre o silencio dos apuntes as miradas de dúas rapazas tiradas nos coxíns desta residencia de estudantes que se cadra... ciscados pola alfombra uns apuntes dunha asignatura de primeiro curso de psicoloxía. Esparexidos como se fose grao despois da malla, non se sabe cal é a orde que os rixe nin como é posible que así poidan ser asimilados para mañá sementalos no exame; é coma se o estado de nerviosismo de non estar seguros de saber o que sabemos ou o que non sabemos se vira reflectido nesa estreira; e eu, que levo todo o curso nun estado semiletárxico, gústame abrir portas e buscar conversas, non existe para min un índice de horarios e polo tanto a calquera hora poden estar desperto ou poden estar durmindo, e tirando das verbas e das voces vou na procura das persoas que tras delas ocultan vidas, fantasías e historias que se recuperan e de non ser ancoradas nas infinitas praias da escrita, fican por esvaeerse como as horas desta noite, na nosa casa inmensa, no noso tempo universitario que sempre vai apuradísimo.

E este conto que leva por nome as cadeiras pouco ou nada ten que ver co mesmo nome da obra de Ionesco, e podería ser titulado (como foi de feito para ser pouco despois corrixido) o conto de Cristina, porque é esta rapaza, grande e lenta, como se estivese ubicada sobre un extraño estado de cansancio bovino, ten a voz nasal e mecánica e fala nun castelán perfecto cun enxebre acento galego; e é falando como chegamos ás horas da madrugada, tempo de silencio vasto no que asoman o fuciño medos esquecidos e contos de lareira á que xa nunca máis nos quentaremos; e desa voz monótona e insípida de Cristina van saíndo as verbas que nos levan a algunha casa, a algún pobo dalgún concello preto de Pontevedra, que máis dá; o caso é que tamén a memoria evoca e constrúe unha noite coma esta, non o sabemos, pero imos dicir que era coma esta. No sobrado dunha vivenda un matrimonio, espértase cun ruído de cadeiras que ven da cociña, asustados, dicta o costume que sexa nestes casos o home que se enfronte ó perigo, e agardando un pouco baixa coa firme idea de enfrontarse a uns estúpidos ladróns que baten e tropezan nas cadeiras, caladiño descende os chanzos das escaleiras e vai

dereito cara a chave da luz; acende disposto a pillar a quen sexa zoscando nas cousas da cociña, a mal sitio viñeron buscar riquezas... Pero a luz non mostra nada, nin o máis leve indicio de movemento amosan as patas das cadeiras, fican exactamente igual a como foron deixadas unha vez que eles se foron a durmir, non hai ningún caixón aberto e tódalas cousas están na posición inerte que el ou a súa muller lles ordearon coas mans; pero el sabe que escoitou moverse as cadeiras e sabe que tamén a muller escoitou o mesmo barullo, que pasa entón, que hai aquí, non vexo nada, non oio nada, que pasa aquí... Vaise de novo a durmir sen resolver o problema, coas preguntas cravadas no peito, vai como veu e responderá a unha pregunta que se espera, eu non vin nada, non hai nada; e aínda tardando volven a durmirse. Por pouco tempo, porque de novo, as cadeiras, como se tivesen vida propia, volven a moverse e a arrastrarse e o medo asulaga os seus sentidos, seguramente baixen os dous para atoparse a idéntica resposta, o camiño perdido, un feito que non ten escapatoria, que ruído é ese, quen arrastra as cadeiras, están no seu sitio, que pasa...

Non atopará resposta o home porque ó día seguinte morre, de súpeto e tamén de medo, supoñemos, se cadra viuse de fronte cara a morte a noite pasada e non dixo nada. Morre o home e faise o velatorio na casa, chegan familiares e viciños e parentes, dá choio preparar o enterro, dá; e a muller, que xa non é nova, síntese moi cansa e chegada de novo a noite caise co sono, o mesmo que lle roubaron a pasada noite; dinlle que se vaia deitar un pouco, que xa os familiares quedan ó tanto, que non se preocupe, que xa bastante ten... Vaise durmir xa sabemos como, déitase e cando empeza a collela o sono dáse conta dunha certeza que lle fai sentir un arrepío inmenso, que a crava diante da verdade, agora ela, non podendo pechase dos ruidos que veñen de abaixo sabe porque a noite pasada se movían as cadeiras da cociña.



A primeira voz

Xabier López

O alquimista, ao pescozo ese triángulo gnóstico do ABRACADABRA, xa ía tempo que dera por imposible a consecución da pedra filosofal, aquel magnífico pelouro —que el imaxinaba como un anaco de unto— capaz de virar ouro, previas unhas freguiñas, calquera tipo de ferralla ou ferragancho. Para dicir verdade xa non confiaba unha miga na cábala, nos consellos do seu centenario mestre, nin naquelas todas faladorías que situaban no alfoz de Aquisgram a un vellote espiritado e rechumido que sostíña ter conseguido xa algúns resultados. O alquimista, coa aniquiladora impresión de ter perdido a vida nunha quimera, acordou unha mañá co sobresalto dunha nova teima, co sobrecollemento de presentir un vento novo para o tarabelo dos seus días.

"A primeira voz. Busca a primeira voz". Aquelas palabras confusas, unha chisca críptica, foron o único comprensible daquel soño, xunta a certeza de que a sombra barbada que as pronunciaba roucamente, era a sombra dun mago, dun auténtico mago, pois os verdadeiros magos, dende Merlín o encantador, só se presentan ao home no sarillo dos soños. Así foi cómo fixo unha cacharela cos seus libros e atados de follas, cómo vendeu a un quincalleiro todos os seus cacharros, cómo deixou a súa covacha das catacumbas de París, para

botarse a andar polo mundo na consecución daquel, seu novo horizonte.

"A primeira voz", pensou. ¿E non sería aquilo a verdadeira pedra filosofal? Como queira que o alquimista acreditaba no Panta Rei, no Eterno Retorno, riba de todo isto, e moito máis apaixonadamente, na pescada que morde a cola e na serpe Urubos a-que-traba-o-propio-rabo, tivo a absoluta certeza de que atopar a Primeira Voz era atopar a Derradeira, xa que logo, tamén, a Voz que se estaba pronunciando naqueles precisos momentos, acalada pola ofuscación e a parola dos seus contemporáneos. A súa busca, como toda busca que se gabe de selo, deixou atrás varios anos da súa vida, innumerables aventuras e adversidades. Unha tardiña, no profundo da sesta que estaba a botar á sombra dun carballo, soñou un luminoso e radiante arco da vella. Ao espertar o arco da vella aínda estaba alí, facendo visible unhas das trabes decote invisibles da cúpula dos ceos, e daquela foi mirar onde pousaba, ao cabo unha lombiña comida polas silvas eas torgueiras na que se puxo a cavar coa cobiza dos ladróns de tumbas.

Logo de moito traballiño atopou algo. Era unha caixa, unha caixa poeirenta, que tiña algo dentro. Así llo revelou o entendemento tras sacudila preto da orella. Convencido de atopar o que busca-



Ilustración: LUIS OTERO

ba, regresou á súa cova. Antes de abrir o seu achado asegurouse ben de que non rondase ninguén a súa porta, botoulle o peito para evitar visitas inoportunas. Pousou a caixa nos xeonllos e pousouna co extremo coidado de quen pousa unha reliquia, qué sabemos, tal vez o Santo Graal, ou o cetro de Salomón, ou esoutra caixiña de fama, chea de po e de lixos, que leva o nome de Pandora gravado na tapa. Abriuna. Ao primeiro ficou unha miga desconcertado, pois o que viu, no ventre escuro da madeira, eran obxectos para os que non tiña ningún nome. Un deles era negro, dunha cuarta de lonxitude, e nun extremo tiña varias teclas ou resortes. O outro era transparente e máis pequeno. Os dous estaban feitos dunha materia completamente descoñecida, e materias que descoñezan os alquimistas, madaia leva, deber haber ben poucas.

Tras moita observación decatouse de que un e outro obxecto eran complementarios. Transcorridos algúns minutos de infructuosas combinacións deu coa fórmula precisa. Premeu a tecla do aparello negro que levaba escrito *eject*—na súa lingua un *expeler*, *expulsar*, *exacular* ben desconcertante— e meteu o cachifallo máis pequeno no couso das bovinas que de socato sacaron os dentes. Aínda parou un tempo a pensar antes de darlle ao *play*, esoutro equívoco do *xogar*, *divertirse*, *desempeñar*.

Unha música chea de sobresaltos de platillo bateu contra as paredes da súa cova, para aos poucos, superpostas unhas voces vidas de ningures, virar un rumor de fondo, un leito musical inofensivo para a pronuncia perfecta e precisa a pesar da velocidade á que corría a locución.

A verdade é que xa non podo saír da casa sen o meu Upflex 1350; non me sinto seguro. A miña familia e máis eu usamos todos o Upflex 1350, e de verdade que eu non sei cómo puidemos pasar tanto tempo sen el.

¿Lémbranse das molestias do fio dental? ¿O moito tempo que se perdía e o dano que facía nas enxivas e nos dedos? ¿Quen non curtou algunha vez un dedo cun fio dental? ¿Quen non se sentiu unha miga decepcionado polos resultados da súa hixiene dental? Pois ben... un equipo de especialistas, dirixidos polo prestixioso enxeñeiro xaponés Mishima Yassunari, deron coa solución para todos eses problemas: o Mega Bright 6000. O Mega Bright 6000 non é un cepillo dos dentes eléctrico calquera; o Mega Bright 6000 é o resultado de varios anos de estudio continuo, un produto anovador e efectivo que xa probaron dentistas de todo o mundo, coma o doutor Mitchels: "O Mega Bright 6000 combina a disposición escalonada das súas cerdas coa rotación dos seus discos laterais non abraxivos, chega onde non chegan outros aparellos semellantes, elimina a placa e mailo sarrio, o mal alento, e deixa o dentame tan luminoso coma unha sesión nunha clínica profesional. Os resultados son os mesmos pero moito máis económicos. Aínda que os dentistas teñamos menos clientes, eu non podo mentir, non o sei facer: o Mega Bright 6000 é o mellor aparello de hixiene bucal total que un pode conseguir no mercado."

A clave do éxito persoal está no sorriso. Sorría. Todo é máis fácil sorrindo... Agora pode facelo co seu Mega Bright 6000. Mérqueo, non se vai arrepentir. ¿A que está esperando? Mérqueo.

Regresou, forte e festeira, a música de platillos. O alquimista, unha miga aloulado, calcou na tecla que paraba aquilo. Parara, é dicir, xa non xiraban as rodiñas dentadas do artello, e sen embargo seguía a sentir os golpes dos platillos, chan-chan-chan, un deles para cadansúa orella. Era coma aquela toupa que ve a luz do día nunha fisgoa da súa reclusión, que se precipita a asomar o corpo dende o mundo subterráneo, e ten a mala sorte de irrumpir na interpretación dunha orquestra, de meter a cachola no paréntese que abriu o homes dos platillos, que de nada se decata, *de nada*, e segue co seu chan-chan-cha ata a apoteose final da peza.

Pensou repentinamente en Deus, e por vez primeira matinoulle un sorriso —non sabía xa se amable ou terrible—, un sorriso no que brillaban estarrecedores varios dentes, varias pezas de ouro.

Sito Mar

Medos Romero

Recóstase no sillón de mimbre, fronte ao televisor, allea como sempre á conversa familiar, fascinada pola música, seguíndolle o seu son cos dedos da man dereita a golpear nas pernas. De súpeto para a música. O presentador volve de novo á pantalla e con el a imaxe dos convidados. Vannos enfocando un a un. A ruxida da conversa resoaba na cociña e ela non podía escoitar ben. Síntese irritada. Súbelle o volume ao aparato co mando a distancia. Nese momento oe o nome do último deles, do máis vello,

do canoso, alto e forte, vestido de traxe beixe. Púxose inqueda. Ninguén o ouvira nin se decatara do ocorrido. Só ela. Co mando na man de novo intenta baixarlle ao volume, dubidando entre cambiar de canal ou apagar a televisión. Tivo gañas de saír da cociña e desexou por un momento que a baldosa do chan se abrise para que a terra a tragase e poder así desaparecer daquel momento con aquela sensación de culpa. Mais ela non se move e fica queda no asento, alerta e disimulando. Árdelle a cara como se a presenza daquel home fose real e estivese fronte a ela ollándoa. Poida que se non pronunciasen o seu nome, ela non o recoñecese, e agora que se

fixa ben en cada detalle, recoñece a mesma boca grande, os mesmos ollos, as mans... ¡Veo tan vello! ¡Tantos anos pasaron desde entón! Non volvera saber nada del, e preguntouse onde estaría a vella postal de brillo que el lle regalara daquela. Seguro que no caixón, si, no caixón, canda as fotos, quizabes húmida e valorenta. Alí estaba aquela parella coas caras xuntiñas e sorrindo, ela co pelo longo en ondas e el cun bigotiño fino, e debaixo deles a frase que tan ben memorizou enteira de tanto ollala: "*Del amor en presencia cobra vida su más pura esencia*". Nunca soubera ben que quería dicir aquilo. Si, desde logo que sabía que era palabra de amor, claro. Entón cavilou nun lamento: que nada podería ser máis fermoso que a mocidade, nada, e

que ela non se decatara ata que pasou, ata que a perdeu, ata que se lle foi como un voo, nun pestenexo cativo. Non o podía crer e tiña diante. Sito, Sito, repiteu para ela, Sito, o músico da Orquestra *As luces*, que tan ben cantaba. Era o mellor, sen dúbida. Non era teima súa. Decíano todos. Tiña unha voz excepcional, a pesares daquela maldita enfermidade que o tivera apartado tanto tempo nun pavillón de tuberculosos, aillado cando a outros nun hospital ás aforas de Ferrol, onde pasou longos

meses, bebendo o ar dos piñeiros, ao descanso das raiolas das tardes, naquela vida tranquila e san e sen deixar nunca a estreptomicina, matando o tempo con outros doentes e coas monxiñas ás que tanto lles irritaba que lles cantase, como se a xuventude del e a súa alegría provocasen certo desasosego ao ritmo mortecino dos días. Saeu de alí sen un pulmón, pero saeu, e cantaba o mesmo, ou moito mellor aínda. Daba salvación escoitalo. Enchía as verbenas do Carme, e non só pola voz, tamén polo morbo que tiña velo desafiando á peste, tan fino e bo mozo, delgadiño, cos seus brancos traxes de orquestra e camisa bordada de cuello duro. El baixárase

do palco para escollela a ela entre todas as outras e invitala a bailar, e ela, aquela noite, agardou por el deixando a outros. Fora na Patrona, en Santa Marta, xusto o ano que ela rematara o loito por súa nai. Levaba un vestido de flores, acórdase ben, de flores azuis pequerrechas. Era un vestido de voo, algo acampanado. Os beizos pintados e polvos na cara. Agora co recordo volvíalle a emoción á boca do estómago e a imaxe dela bailando as pezas novas e as vellas cancións de sempre que ela tan ben sabía, cancións como "*Campanero jerezano*" ou "*Te llaman perla preciosa*". Ela facía reviravoltas ao danzar créndose que a letra fora feita para aquela ocasión e quizabes para ela, si, podía ser. ¡Necesitaba tanto que fora así! Pero o que máis a enchía de



fachenda era a imaxe del campo abaixo, dirixíndose a ela. Deixou que a acompañara aquela noite e moitas outras noites máis. Adouraba as cousas preciosas que lle decía el para conquistala, aquela maneira de susurrarlle ao ouvido "*fermosa de ollos achinados, de boca de xazmín*". ¡Deus, o tacto na orella da súa boca e o recordo da súa colonia e do seu tabaco no seu pescozo! Remexeu no sillón acordándose das últimas citas nas que ela o agardaba soa mentres el facía no palco figuriñas para outras, e ela adoecendo de ciumes. ¡Tardáralle tanto tempo en pasar aquela paixón que sentía por el, tanto! E foi

por aqueles días cando Xosé comezara a convidala ao paseo pola Rúa Real os domingos polas tardes, convidándoas a todas a chocolate e algunha que outra copa de anís na Casa Souto. Nunca máis puido soportar o ulido doce do anís nin ver as botellas sequera. Era voltar á dor daquel tempo e á marca do seu olvido. Comezara Xosé a darlle unhas voltas, pero tanto lle tardara a ela en írselle do pensamento, tanto, que aínda hoxe ao velo se decatara que non chegara nunca a esquecerlo de todo.

(Do libro inédito "A africana do Seixo e outros relatos")

Ilustración: LUIS OTERO



Ós inermes

Interrompes o meu nome
na oquidade da batalla,
declárasme a innomeable
como a todos os que me seguen
e a algúns dos que me preceden.

Pertenzo á xenealoxía xeracional
dos desterrados á sima do eco
onde as verbas sonme devoltas
igual de puras que as pronunciei
porque ninguén as escoita,
para eles
toleadas da inexperiencia dos afortunados.

Mentres eu pecho os espellos
para non ver en que nos convertemos.

Gabriela Rodríguez

Poema elementar

Os vermes são seres puríssimos de Deus.
Transformam a degradação do que já passou
En terra ventilada e aérea, com o seu bailado
de sinxelas formas desconhecidas, pois os homens
Olham apenas o que parece visível.

Quando passarmos por um verme ou um insecto
Devemos desviar-nos, pois são sagrados.

E fazem criar e crescer sempre as flores
Do arco-íris das primaveras infinitas.

Fernando Botto Semedo

DESCONHEÇO esta terra
(uma lágrima, do lado esquerdo?
uma fronteira - do outro lado do telefone?)

conheço porém, sem conhecer,
algumas ruas (sem nome)
uma fonte
dois homens às seis da manhã
caminhando para o campo
- as mulheres no largo
debulhando feijão
(o interior
alimenta nos dias mais frios)

é difícil trazer no autocarro
a imagem (a linguagem)
da terra
- os sacos são sempre pequenos
para o calor que procuramos resguardar

nesta noite um nome nos basta

uma palavra
transforma a paisagem

como un elevador,
subindo sempre

Ruy Ventura

Poema III

Da seda verde das estevas
aos exotismos de cânfora
se vai tecendo com
fios de pura água
a manhã de todos os poemas.

Nas tépidas madrugadas e
Nas tardias horas do sol
amadurece o beijo
sob o dolente aroma
das flores do jacarandá.

De uma e outra onda
beberás a rebelde espuma
envolta em limos e areia
gaivota sem mar nem rota
eterna voadora contra o vento.

Margarida Parreira Alves



Ilustración: OLAIA

Poema

Meu tetravô de Pontevedra que agora sei que existiu
teria conhecido um dia os pinheirais de São Mamede?

Dessa terra de meigas trouxe decerto recordações
quando foi para Alburquerque para casar por amor
com uma Ana de Cáceres, como o Livro me diz
-o que meus filhos me deram por lembrança da mãe
como presente de Natal- genealogias fecundas
do coração do tempo. Teria alguma vez andado por estas ruas
ou mesmo polos meandros do Reguengo?
Ele, que era hortelão, como meus antepassados
mais antigos, que sonhos acalentou
pelos dias, pelas noites duma terra diferente?

Já nestas terras alentejanas, chamar-lhe-iam talvez
"o espanhol", mas sem maldade, antes de lhe nascerem netos
como ele se calhar com sotaque galego
e memórias de lugares onde seus pais se criaram.

Meu tetravô que buscava nos campos portugueses
o amor da aventura, a procura do pão
ou apenas horizontes gratos ao seu coração
de rapaz novo e forte com sede de conhecer
outros rumos e gentes, desconhecidas raízes?

Bailaria nas festas? Olharia os caminhos
tão velhos e tão novos da planície e da serra?
Guardaria num baú utensílios da infância
que sempre nos acalentam, sempre nos emocionam?

Meu tetravô de Pontevedra, meu quintavô já velho
de anos depois lançados na lembrança dos meses
que jamais nos devolvem o passado que tivémos
agora vive em mim, agora sei que existiu
como depois dele houve os Gonçalves, os Garções
e muitos mais do futuro que depois de mim virão.

Meu sextavô espanhol, lá da terra das meigas
saúda-me decerto, saúda-me dos longes
com indistinta voz, em surdina, galega
mesmo já do além ou de dentro dum livro

-ao hortelão-poeta que agora aqui o lembra
que agora aqui o escreve

emocionadamente

Nicolau Saião

As caixas niño para aves insectívoras

Antón Fafián

Xa temos connosco de novo a Primavera e con ela o rexurdir da vida que semella aletargada durante o inverno. Chegan as andoriñas aos seus niños de anos pasados e con elas moitas outras especies de aves.

Pero non podemos esquecer que debido a múltiples factores, cada día hai menos variedade de paxaros nos campos; moitas especies son cada vez menos habituais e outras corren perigo de extinción, namentras que outras parecen axeitarse ben á vida nas cidades e xardíns coma o gorrión...; as causas deste declive atopanse na caza, os incendios, as talas incontroladas ... que traen como consecuencia a falta de lugares onde os paxaros poidan aniñar, xa que nas árbores vellas é onde atopan normalmente ocos onde agachalo niño, e estas son precisamente as primeiras en cortarse para madeira. Pero tamén padecen outras agresións menos visibles: nalgúns zonas o alimento escasea, os herbicidas e pesticidas usados na agricultura e xardinería contaminan as plantas e os insectos, co que os paxaros, ao comelos acumulan insecticidas no seu tecido graso. Isto dana a fertilidade de moitas especies sendo as súas postas cada vez menos fértiles ao debilitarse a cáscara calcárea dos ovos, co que a reprodución redúcese bastante, o que, unido aos polos que morren xa de por si ou comidos por depredadores, fai que o seu número vaia diminuíndo progresivamente.

Nós témola sorte de vivir nunha zona privilexiada en canto a Natureza, a ría de Betanzos,



ESTRELIÑA RISCADA
Regulus ignicapillus (Temm.)


os bosques das ribeiras do Mandeo, temos preto unha das zonas húmidas máis importantes de Galicia: o encoro de Cecebre, que paradoxicamente foi creado polo home para abastecer de auga unha cidade. No entorno destas paraxes podemos ver multitude de especies animais e vexetais, non so de aves ...

Aínda que moitas especies de aves non poderemos observalas se non imos ao seu hábitat, existe a posibilidade de atraelas mediante a instalación de comedeiros ou caixas niño. Os paxaros que podemos ver nun xardín son especies que viven nos bosques e nos claros e que se desprazan a novas zonas cando as consideran axeitadas para a súa supervivencia.

Os paxaros necesitan catro cousas que os xardíns lles ofrecen: necesitan un lugar seguro onde aniñar, un lugar seguro e amparado onde pousarse pola noite, alimento e auga para beber e bañarse.



Loxicamente o lugar de aniñamento dependerá do tipo de paxaro. A algúns abóndalles cunha caixa niño pero outros xamáis se achegarán a unha, pero si construírían o seu niño nun arbusto de folla perenne, espeso ou nunha silveira.

Tódalas caixas niño deben instalarse moito antes da época de cría para que vaian habituándose a elas. O outono é unha boa época pois as caixas serviránlles de refuxio no inverno e logo, de adaptarse ben, usarana para aniñar. Á maioría dos paxaros góstanlles ter un amplo terreo durante a súa época de cría, polo que non convén poñer moitas caixas niño nun xardín pequeno.



CARRIZO
Troglodytes troglodytes (Linn.)

Existen moreas de deseños axeitados, pero calquera que saiba usar unha serra e un martelo poderá construír unha caixa niño cunha táboa de madeira, de contrachapado mariño, mesmo un tronco partido pola metade, vaciado no seu interior e volto a unir é perfecto... non serve o aglomerado pois non resiste á intemperie.



As ferramentas son ben simples: unha serra, un martelo, un taladro con brocas para madeira, lapis, unha regra de 40 cm e puntas. Segundo a especie, así teremos que facer de grande o burato da entrada; para os ferreiriños chegará con tres centímetros de diámetro e a partires de aí xa entrarán gorrións e aves maiores. Os paporrubios, os carrizos e as estrelañas riscadas prefiren as caixas de frontal aberto xa que lles permiten vixiar arredor namentras empolan.

No exemplo usaremos unha táboa de piñeiro dun metro vinte de longo que dividiremos como vemos no patrón, as medidas poden variar en función da especie, pero aquí faremos unha caixa niño para atraer ferreiriños, carrizos ou estrelañas riscadas aves moi pequenas e útiles aos labregos, pois alimentanse preferentemente de insectos. É impor-

tante que poñamos unha bisagra no teito para facilitala limpeza, mesmo un anaco de cámara vella de bicicleta valerá.

Durante a época de cría un ferreiriño, que pesa uns 11 gramos, pode consumir nun día máis de 16 gramos de insectos, unhas 400 ourugas por exemplo, ou sexa que nun ano pode comer máis de dous quilos e medio de insectos, o que dá unha idea da súa importancia para o control das pragas.

Á hora de colocalas caixas teremos coidado de non poñelas ao alcance dos depredadores coma os gatos, xenetas... cunha altura media de 2,5 a 7 metros, cunha orientación preferente cara o leste, por onde sae o Sol ou cara o sur. É convinte que rematada a época de aniñamento limpemos as caixas e tiremos os niños vellos para acabar cos parásitos que poidan haber.

Os debuxos das aves son de Calros Silvar
Fonte: *Guía das aves de Galicia*. Bahía edicións.



FERREIRIÑO COMÚN
Parus ater Linn.

As medoñas da Serra Vella e as capelas de San Andrés da Ribeira e San Bartolomeu (Monfero)

**Xosé María Veiga Ferreira
Juan Sobrino Ceballos**

Nos confíns da comarca das Mariñas, no Concello de Monfero, atopámonos coas estribacións da Serra Vella. Seguindo o camiño medieval que cruza o Eume e subecara ó Campo de Abeledo, recoñecemos unha primeira demarcación documentada na época medieval como é a mámoa da Arca, que nós identificamos como a Mámoa de Abeledo.

Esta mámoa actualmente está moi arrasada, e máis que vela intúense os seus restos na terra, o que nos permite de momento coñecer as súas dimensións. Sen lugar a dúbidas, era unha das máis grandes da comarca cun diámetro duns 28 metros e chegaría a tres metros de altura.

Polo mesmo camiño estaba a ermida de San Xulián de Arca, desaparecida xa hai moitos anos. No lugar aínda se acordan dos seus restos e do traslado dos santos á ermida próxima de Lagares.

No alto da Serra Vella atopámonos cun conxunto megalítico composto de sete medoñas, nas que o diámetro varía dos 16 ata os 10 cm. con alturas máximas de 1,50 m e mínimas de 0,55. As tres primeiras do lado N. son as mellor conservadas, a cuarta e quinta ó S.O. presentan problemas de conservación. A sexta case desaparecida, xa que polo N. está cortada por un camiño e polo S. está arrasada. A nº 7 está situada entre dúas formacións rochosas que conforman a saída da Serra Vella, e que practicamente tamén está arrasada.



UNHA DAS SETE MEDOÑAS DA SERRA VELLA

Segundo a xente do lugar foron feitas polos mouros para defenderse dos inimigos usándoas coma trincheiras.

É preocupante o estado de conservación e o deterioro destes monumentos prehistóricos nos últimos anos, que por diversas circunstancias están levando á súa desaparición. Concretamente dende o ano 1995 ata agora sufriron cambios apreciables a simple vista, como os diámetros dos conos de violación que se ampliaron nalgún dos casos ata preto de dous metros.

Baixando a serra o camiño lévanos á ermida de San Andrés da Ribeira. As referencias máis antigas que temos desta capela son de mediados do século XVIII, cando nunha visita do arcebispo dise que se encontraba bastante mal, e que xa era dos veciños sen que se lle coñecese fundador nin padroado:

Visitose igualmente la ermita, su advocación San Andres sita en el lugar del mismo nombre, terminos desta parroquia, hallase bastante indecente, no tiene renta ni patronazgo ni fundador, es de los vecinos, manda su mrd. Que queriendo esta subsista, la blanquee por dentro y fuera, sigan el fayado que tiene sobre el altar, por todo lo mas de la ermita, enlosen el pavimento de toda la ermita referida, cubra el arca y coloquense... en el altar, todo al termino de quatro meses y para ello selo hara presente el Pe. Cura, tanto a los de San Julian de Lagares como a los de San Andres y no conpliendo esta al perentorio término señalado haría el repetido Pe. Cura se demuela, poniendo en su sitio un cruzero, que para que así lo cumpla y haga observarse... (1761)

É unha pequena capela de gran simplicidade, representante da arquitectura popular. Presenta planta rectangular, muros de cachotería e tellado a dúa augas. Na fachada un pórtico sostido por dúas chantas. As dúas xanelas parecen obra posterior xa que nun primeiro momento estaría iluminado unicamente por unha pequena, actualmente tapiada, de detrás do altar.

No interior con teito de madeira, destaca o altar que está un pouco máis alto que a entrada pola pendente en que está construído o edificio. No retablo de madeira están representadas as figuras de San Andrés, a Inmaculada Concepción e San Vitorio.

O patrón é San Andrés ó que se lle facían dous días de festa e a xente traíalle ofrendas porque segundo se dicía era un santo avogoso para todo. Xa hai máis de vinte anos que non se celebra a festa, aínda que todos os primeiros mércores de cada mes se fai unha misa na capela. No lugar teñen algunhas coplas que fan alusión a este santo e á súa festa:

*Ó Divino San Andrés
Que estás no cabo do mundo
Que para verche a cara
Tres noites hai que non durmo
(Recollida no Xestal)*

*Ofrecinme a San Andrés da Ribeira
que pra ir ó de lonxe
non me rixe a faltriqueira
(Recollida no Xestal)*

*Meu señor San Andresiño,
Que estás na Alta Ribeira
Véñolle pedir meu santo
A salvación verdadeira.
(Aldear, nº 14)*

Seguindo o camiño chegaríamos á Ponte Velosa, da que se fala nun foro do lugar de Guilfonso en 1282, e tamén do que sería a torre de San Bartolomeu:

“a metade daquela fragua de contra a ponte velossa como ven do porto de Santandré pollo carrill dos carros e se aderença pollo fomo ás portas do castello.”

O documento fai referencia a unha fortaleza medieval, aínda que actualmente non se coñecen noticias desta posible torre, si existe o topónimo Torre. Os veciños faláronos dun lugar coñecido como Castelo dos Mouros ou A Pena do Castelo, que son varios penedos con vistas sobre o río.

Desde o lugar da Torre ollamos a ermida de San Bartolomeu. Esta existía no ano 1607, segundo nos dí Jerónimo del Hoyo nas súas memorias:



INTERIOR DA CAPELA DE SAN BARTOLOMEU

Hay una ermita de San Bartholomé que solía ser parrochia y tiene pila baptismal y aun le han quedado dos feligreses que vienen aquí a oír misa. Está a cargo del retor el tenerla reparada: lleva todos los frutos y tiene desmería por sí, y dicen era representación de Ares Pardo de Ceta. Dicese misa el día de la Advocación.

Na capela poden ollarse cinco imaxes de santos, dous San Bartolomeus (un espido), un San Antonio, unha Santa María e un San Xurxo. Para os veciños o máis avogoso deles é o San Bartolomeu que vai espido e levo o coiro pendurado do ombreiro. Do seu carácter milagreiro danos mostra a cantidade de exvotos e moedas que hai no interior, así como as testemuñas dos veciños:

Hai tempo eu tiña unha vaca que non daba leite, ofrecinlla ó Santo, e desde aquela o leite foi do mellor, así que fun ás Pontes e merquei para a ofrenda unha vaquiña de cera.

*Onde sea nomeado
non entra buxato,
Nin meigo nin meiga,
Nin morría a muller co parto...*



CAPELA DE SAN BARTOLOMEU



MAPA DA ZONA, 1:50.000

FOTOS VEIGA E J. SOBRINO

Frei Martiño Sarmiento



O P. SARMIENTO
NUN ÓLEO DE XOSÉ VICENTE COUSIÑO
QUE SE ATOPA NO MUSEO DE PONTEVEDRA

Hai pouco máis de trescentos anos nacia en Vilafranca do Bierzo, de pais galegos, Pedro José García Balboa, quen andando o tempo sería coñecido como Frei Martín Sarmiento.

Das terras bercianas, de cultura galega, a familia trasládase a Pontevedra en 1695, cando o neno apenas conta os catro meses de vida. Nas inmediacións da Boa Vila transcorre a súa infancia e primeira adolescencia, ata os quince anos.

A partir de aí a súa vida transcorre de mosteiro en mosteiro: San Martín en Madrid (1710) para profesar na orde benedictina, Hirache (1711-1714), Madrid de novo, Salamanca, Eslonza (1717), Celorio (1720-23), San Vicente de Oviedo (1723, onde se atopa co Padre Feijóo) e Madrid outravolta (1725) onde asenta definitivamente, agás uns meses de estadía en Toledo.

Das súas viaxes a Galicia deixou constancia en dous diarios: a primeira entre 1745 e 1746, a segunda case dez anos despois.

Defensor da obra do Padre Feijóo, do que foi discípulo e amigo; polígrafo de inmensa erudición que apenas publicou en vida; o Padre Sarmiento interesouse e deixou estudos manuscritos —algúns solicitados ou encargados por nobres ou monarcas— sobre diversos temas relacionados coa a historia da literatura, a botánica, as ciencias naturais, a arte e a escultura, a xeografía, a pedagogía, a economía, a etimoloxía...

Mais a importancia de Sarmiento para nós está na súa defensa da lingua galega como lingua apropiada para o ensino, a necesidade da súa ensinanza e do seu uso por parte da Igrexa e das institucións do país, así como nos seus estudos sobre ela.

Morreu no 1772, aos setenta e sete anos, na súa cela de San Martín en Madrid, convento hoxe desaparecido, así como os restos do sabio galego.

Sarmiento, un precursor do galeguismo

Ramón Villar Ponte

Nos derradeiros anos do século XVII, ollou a luz unha gran figura galega, Frai Martín Sarmiento, que, como poucos, é merecente de que se lle lembre e honre. Home dunha cultura ergueita e nada común, cultivador esgrevio das máis variadas disciplinas, tanto científicas como literarias, soupo pór en todo intre o seu gran talento ao servizo da nai Galiza, da que era un aceso apaixonado. Corroborándoo, eis as súas obras. Polo coñecemento delas chégase á conclusión de que a Galiza non contou en ningures, con un defensor máis completo e máis desinteresado. Poideran se asinalaren outros compatriotas que cicais o igualen en fervor, e interés pola Galiza e as súas cousas. Mais o que non poderá atoparse é un soio que o aventaxe nestas cualidades.

A laboura realizada polo P. Sarmiento, nas súas obras viva e latexante, é de tal xeito que aínda hoxe, cando un a examina, inda que sexa lixeiramente, non pode por menos de lle

adxudicar o título de precursor efectivo, de auténtico devanceiro da galeguidade, así como o de esgrevio gardián e defensor do feito galego en tódalas súas variadas e múltiples manifestacións.

Pouco importou que o ilustre monxe beneditino fora nado no Bierzo—comarca que xeograficamente é galega inda que por mor dunha absurda división administrativa, apareza como leonesa— para que el, fillo de pais galegos, sostivese en todo tempo, que a súa auténtica terra nai era Galiza.

Dous aspectos se poden consideraren na vida do P. Sarmiento: un, o de cultivador incansable de toda clase de estudos, principalmente os históricos e os de ciencias naturais; outro, o de viaxante centinela do bon nome da Galiza. No primeiro, atopámonos con aquela abondosa colección de monografías saídas da súa pluma, que tan alta sona lle deron, e das que as referentes á Historia Natural serviron para poñelo en relación con ilustres naturalistas europeos, como o tan ilustre Linneo e outros.

Pola súa iniciativa foi creado o Xardín Botánico de Madrid. E non lle estorbou ren o carácter universalista daquelas materias científicas, que el soupo tratar con tan grande acerto e competencia, para que aínda así, el soupese amosar o fervor galego que decote o abouraba. E por iso, adicou os seus desvelos a estudar principalmente a flora galega, revelendo neste orde de cousas feitos que se descoñecían, tratando

con axeitados razonamentos das posibilidades do chan galego, e dando á Botánica unha morea de nomes auténticamente nosos, que, por esa circunstancia, pasaron ao xeral coñecemento como proba manifesta da riqueza do léxico vernáculo.

O P. Sarmiento afirma e proba que a lingua galega é nanterior á castelá. E di que "nuestros trovadores antiguos no usaban del idioma portugués sino del gallego". Milá y Fontanals na súa obra *De los trovadores de España* di: "El P. Sarmiento fue quien primero trató de los tro-

adores gallegos". E Menéndez Pelayo, na obra titulada *Historia de las ideas estéticas en España*, revela que no traballo do P. Sarmiento "hay adivinaciones históricas verdaderamente asombrosas, verbigracia la del influjo del elemento gallego en la primitiva poesía española". Para Sarmiento o idioma galego é o que máis se asemella ao latino de tódolos da España. E falando da afinidade do portugués co galego, o P. Sarmiento di: "Es cierto que cuanto más se retrocede a los siglos pasados son más parecidos, hasta que coinciden en uno solo, dichos dialectos". (Téñase en conta que si Sarmiento chama ao galego dialecto, tamén di o mesmo do castelán, do portugués, do catalán, etc., linguas fillas do latín, entendéndose que o idioma é este, sendo os demais, por razóns de subordinación, chamados da maneira que os chama). E continúa: "Pero es innegable que cuando Portugal estaba en posesión de los moros se hablaba ya en Galicia el idioma vulgar". E engaden outro traballo que o galego



deu orixe ao portugués "que por mejor hablar es el mismo gallego modificado".

Con todo esto, e moito máis que poidera engadirse, o P. Sarmiento terma de faguer ollar a todos, como a nosa lingua é anterior á fala portuguesa; e ao mesmo tempo, demostra que ela non procede do castelán, sinón que ambos idiomas son derivados da corrupción do latín, o que determina o feito natural de que entre eles haxa cousas comúns, acarón doutras que de tais non teñen ren. A finalidade de todo este faguer do P. Sarmiento, doadamente se comprende. Ela non era outra que a de pór de releve a alta categoría lingüística do galego, para que os nados na terra non dubidasen en empregalo acotío e con preferenza a calquera outra fala.

O P. Sarmiento, pois, ao tratar da lingua vernácula, naquel senso de loubanza e valoración, faino convencido de que soio co seu emprego, os galegos abranguerán a afirmación da súa persoalidade integral, afirmación que tanto choe en si que é, cabalmente, o que, andados os tempos, terían de sustentaren os modernos defensores e propugnadores da palinxenesia galega.

A súa linguaxe neste punto non deixa lugar a dúbidas. E así afirma: "Desengañense los hombres, que ninguno podrá explicar bien sus conceptos sino en su lengua propia". E por iso pugna con tenacidade exemplar, unha e outra vegada, pola confección dun dicionario galego, manifestando que "No es dudable que si con el tiempo se diese a luz y se imprimiese en gallego, una historia general y una Historia Natural de todo el reino de Galicia, se aficionarían los gallegos a su lengua nativa". E en contra dos que opoñen reparos ó emprego do idioma por consideralo probe de léxico, el fai varias citas de verbas castelás que en galego teñen máis dun significado. Engadindo, de fronte aos que afirman que o galego carece de unidade, que el anda por Galicia e en ningures achou esa abondosidade de xeitos de falar a que algunhos se refiren, sin que por iso non admita que existen algunhas variedades naturais que, máis que doutra cousa, sirven "para probar la fecundidad de la lengua gallega".

E en canto aos interesados en soste que na lingua nosa non hai escritos, el responde cheo de razón: "Mienten, ya que hay carros de instrumentos gallegos, con los cuales si se imprimiesen, y con la lengua que se habla, se podrán formar Catecismos, Pláticas, Sermones, Artes, Diccionarios u otros trescientos libros. Pero, ¿para que me canso? La

cerrilidad bárbara e ignorante siempre estará en sus trece".

Levado do seu grande entusiasmo polo galego, o P. Sarmiento no seu *Onomástico*, manifesta que "en cada ciudad y villa populosa de Galicia había de haber algunos que se dedicasen a enseñar a los niños la lengua gallega con extensión y propiedad". E en outro traballo seu, *Elementos etimológicos según el método de Euclides*, di que en ela deberan seren escritos os documentos forenses tal se fixera noutro tempo; e que os cregos prediquen e confesen en galego, para o que é mester que sexan do país os que dentro dela actúen, co que se terán achaido as dificultades que doutro xeito miudean.

O P. Sarmiento en cantas ocasións ten, propugna, recomenda e defende a utilización da lingua galega como instrumento obrigado de expresión oral e escrita dos nados na Galiza.

E si con todo o que deica agora deixamos dito, a figura do P. Sarmiento se nos amosa como figura galega de primeiro orde, ela se fai aínda máis alta, e parece aínda máis completa, cando se consideran as variadas disciplinas científicas que el tratou con competencia suma e en cuio trato a súa acesa galegitude soupo atopar motivos xurdidos de exaltación e defensa da terra galega.

El, co P. Feijóo, do que foi conselleiro e amigo entrañable —lémbrese a este respecto como Sarmiento fixo o prólogo da *Ilustración Apologética*— constitúen o par de estrelas que alumearon case exclusivamente o ceo enmourecido da cultura española do século XVIII, cando xa se achaba en pleno decaimento. El é para nós, debe de ser para nós, os que levamos chantado na alma unha arela redentora, o faro aceso que nos sinala o vieiro que leva ó ideal goirado.



Ilustracións: AGOSTIÑO PORTELA

Este texto de Ramón Villar Ponte (Viveiro, 1890; A Coruña, 1953), un dos fundadores das Irmandades da Fala, xunto co seu irmán Antón, foi retransmitido pola Emisora de Londres da BBC na noite do 11 de maio de 1953 (Ramón finaría o 14 de setembro) no seu programa en lingua galega. Antonio Raúl de Toro Santos fixo unha recopilación deses programas publicada co título *Galicia desde Londres* (Editorial Tambre, Oleiros, 1994).

Coloquio de Perico e Marica ou coloquio de 24 gallegos rústicos



Honor de Pontevedra , cuja mente
Chea de luz muy espellante é pura,
Fixo de ti celeste criatura
Un gran tesouro digno de outra gente:
Goza do ceo, goza eternamente
Que Dios á gloria santa lle precura
O que acha na virtude sur fartura
Cal ti modesto mouge preminente.
Si ò chan ingrato do teu, verse ollas,
Que veña a ollada chea de contento
Fitar no Burgo, e que bulir as follas
Do Paraiso veja o entendimento
De quen louor che hoba , e que o recollas
Supricache doutisimo Sarmiento.

J. R. P

GRAVADO DE COUSIÑO E SONETO DE XOÁN
MANUEL PINTOS NA EDICIÓN PONTEVEDRESA
DAS COPLAS GALEGAS (1859)

No chan que en Morrazo
chaman os galegos
tamen San Cybran
que chega hasta o ceo,

que está no camiño
que vay ao Ribeyro
dendes Pontevedra
a vila do reyno,

a hum-ha legoiña,
camiño dereyto,
fay conta que sigues
o rumbo surlesto

se sube en relanzo
por todo o vieyro
sen muita fadiga
nem muito tormento,

agiña se chega
ao chan que dixemos,
e mais ê bem ancho
todo o seu terreo.

Alí corren lebres,
e cazan coellos
os homes nas festas,
despois van vendelos.

De alí, d'aquel chan,
tan alto en extremo,
se ve toda a vila
cos seus ardeos;

se ve o mar bravo,
se ve o mar quedo,
de Ons e do Tambo
as ilhas ao lexos

se ven Portonovo
e junto San Xenxo,
Marin e Combarro,
Lourido e Campelo;

se ven o Castrove,
e mais Montecelo,
tamen San Cybran
e mais o Castelo

Do norte está posto
o lindo convento
dos frades do Lerez
que está nhum outeiro

Alí donde sempre
van muitos romeiros
ao San Benitiño,
santiño bem feito.

Tamén de aquel can
se ven que estan preto
os olhos da Ponte
e o Burgo pequeno

Morrazo se fora
mas chan seu terreo
se vira de fronte
cai todo inteiro.

Por fin os navios
e barcos dos pescos
se ven navegare
e mais se estan quedos

Os olhos se fartan
con tanto recreo
de terra, de verde,
de mar e de ceo

Ali no chan dito,
subindo ou decendo,
a gente se para
relouca de velo

S'asenta no chan
ou sobre un penedo
e colle refolgo,
covento mareiro

Ali as meniñas
as mozas, os nenos,
as velhas, os mozos
os homes, os velhos,

que veñan que volten,
a vila, ao eido,
almorzan, merendan,
e failles proveyto.

Faragullas de pan,
migallas de queixo,
castañas mamotas
ou fruita do tempo.

Se compran na vila
por pouco diñeyro
ameixas e ostras,
centolas, cangrexos,

e mais caramuxos,
que compran por centos,
ou berberichiños
que tem pouco prezo.

(...)

COMEZO DO COLOQUIO EN MIL DUASCENTAS
COPLAS GALEGAS EN VERSIÓN DE XOSÉ LUIS
PENSADO, ESTUDIOSO E EDITOR DA OBRA DE
SARMIENTO, FALECIDO NO ANO 2000.

"Roldán Paderne"

un escritor descoñecido do tempo das Irmandades da Fala

Xesús Torres Regueiro

Un aire de misterio envolve como mesta brétema a personalidade deste mozo escritor, morto en Betanzos no andacio gripal do outono de 1918. Chamábase Xaquín López Pita e asinaba como "Roldán Paderne".

Xa o pseudónimo "Roldán Paderne" é dabondo misterioso. ¿Viviría na rúa Roldán e tería raíces en Paderne? Quizá por parte do pai, pois polos Pita podía ser betanceiro. Calquera sabe.

Somentes coñecemos del un texto en prosa poética, "Nouturnio", que foi publicado polo menos dúas veces e o conto "Irmandade cristiãna", datado en Betanzos no ano da súa morte. Este publicouse na revista do Centro Betanzos de Buenos Aires en decembro de 1947, acompañado desta nota que aporta datos de interese sobre este descoñecido autor:

«N. de R.— Este conto foi adicado pol-o autor ó noso dileito amigo e irmán Xosé Ares Miramontes, que dens de Rosario tivo a xentileza de envial-oprá nosa revista.

Foi feito no ano de 1918 e na súa dedicatoria— derradeiro traballo do autor, dous meses denantes da súa morte— decía eisí:

"Este conto, meu amigo Ares, é o pirmeiro que fago en galego. Ben sei que non val nada. Mais n'él, como en todo o que eu fago, quixera unha cousa: que por enriba de todo latexara a y-alma da terra e na entrana unha calada ansia, sen acougo de cousas sempre, sempre mellores." X.L.P. 5-8-18.»

Roldán Paderne era da xeneración dos mozos que andaban a redor da Irmandade da Fala (un dos seus fundadores, Antón Fiaño Miravalles, foi vítima tamén do mesmo andacio): Salvador Mosteiro, Lois Ares Castro, Veiga Roel, López Datorre... Estes lembraranos catro anos despois da súa morte, cando editen a revista *Rexurdimento* publicando o seu "Nouturnio" cun texto homenaxe a xeito de prólogo, dirixíndose a el en segunda persoa. É no número 6 de *Rexurdimento*, "órgao dos

intereses mariñás", datado en Betanzos o 16 de Outono de 1922. Dise alí, na introducción anónima case tan grande como o texto ao que antecede, que o "próximo 25" (é dicir, o 25 de outubro) cúmprese o cuarto aniversario da morte do compañeiro e no medio da louvanza das súas prendas faise unha afirmación materialista diante da realidade da morte:

«Ant'a morte — evolución da materia— non hai preferencias nin distincions, ela manda no concerto e suprema armonía de total-as leis da Natureza.»

Dise tamén que se trata dunha das súas páxinas literarias inéditas, "lirica compo-

sición dino d'un Rabindranah Tagore."

Precisamente, Xosé Ares Miramontes (Betanzos, 1893—Rosario, Arxentina, 1976), quen marchara de neno á emigración coa súa familia, voltou a Betanzos no momento da xestación da sección local da Irmandade da Fala e mesmo



NESTE GRUPO DE FUNDADORES DA IRMANDADE DA FALA DE BETANZOS PODERÍA ATOPARSE "ROLDÁN PADERNE"

asistiu con outros betanceiros á I Asemblea Nacionalista celebrada en Lugo en 1918. Neste tempo, se non o coñecía xa da infancia, trataría a Xaquín. Quizá intercambiaron textos entre eles (Xosé gostaba de escribir e debuxar) ou Xaquín regaloulle dedicado a Xosé o "pirmeiro" conto que facía en galego. De volta na Arxentina e impresionado polos amigos mortos no andacio do ano anterior, Ares escribiu un poema, "Prego", datado en Rosario no outono de 1919 e publicado en *A Nosa Terrano* número do 15 de novembro dese ano:

¡Morte negra, morte negra, arrédate de min,
non me leves no millor da mocidade,
déixame ver da Patria escravizada
a xusta liberdade! (...)

Xa de maior, ao dedicarlle no 1961 este poema a unha amiga, trocoulle "mocidade" por "ancianidade". Pódese ver reproducido no Programa de festas San Roque 1995.

Durante tempo coidei como posible que a obriña "Andacio", "disparate cómico representable" que nunca chegara a ver (aínda que estreada no Alfonsetti en 1919 non creo que se imprimira) e fora escrita por Xosé Ares para presentar ao certame teatral convocado pola Irmandade da Fala de Betanzos, tiña que ver con ese andacio gripal que

levou aos seus amigos. Agora sei que non, que o tal "Andacio" era máis ben lingüístico e atacáballe a moitos que intentaban renegar da lingua galega por considerar máis "fina" a castelá.

Na prestixiosa revista *Céltiga*, que se editaba en Buenos Aires, na que Ares colaborou con debuxos de currunchos e paisaxes betanceiras, publicouse polos anos vinte o texto "Nocturnio último" acompañado desta semblanza que traducimos:

«Roldán Paderne era un espírito xove e inquedo que se foi dun xeito doloroso en Betanzos, durante o andaciogripal. Colaborador de "Los Lunes de El Imparcial" e outras publicacións da rexión, era unha promesa de futuro. Esta composición inédita é o seu presentimento póstumo, que se cumpriu fatidicamente.»

Mais o texto en español é exactamente o mesmo que se publicara antes en *Rexurdimento*, polo que xa non era rigorosamente inédito. En canto ao resto, efectivamente, o texto "Nouturnio" remata cunha fonda e escura premonición:

«Agora véñome eiquí a morrer e eiquí estou.
Ao me marchar —pra sempre— quixera deixar unha vida sin pégada, descoñecida de todos, esquecida moi axiña, non lembrada endexamáis (...)

Quizá aquel mozo Xaquín López Pita, "Roldán Paderne", era consciente do seu fatal destino.



BANDEIRA DA IRMANDADE DA FALA DE BETANZOS
QUE SE CONSERVA NO MUSEO DAS MARIÑAS

Irmandade cristiana

Roldán Paderne

I

Vai o vello probiño pol-a estrada deserta, corcovado, como se no fardel valeira que leva sobr'as costas fosen seus anos e súas miserias asoballándoo c'ó seu peso. E un vello enrugado e enxoito; na faz a resiñación puñera un sello d'homildade. Vai c'os pes ispidos; cuberto de farrapos. Pol-a moura camisa, cheia de mendos e buratos, asoma un peito forte e velludo; apóyase n'un pau longo. Teñen seus ollos a mansedume d'un servo d'outros séculos... Parez camiñar illado de todo pensamento: sen ouvir os cans que ladran, casi ao rente das súas pernas, e sen decatárese da natureza que no serán vai esmorecendo paseniñamente.

Camiña calado. As veces seus beizos ábrense e marmulan algunhas verbas; despóis volta a ficar no silencio e sigue camiñando pol-a estrada deserta, corcovado, como si no fardel valeiro que leva sobr'as costas, fosen seus anos e súas miserias asoballándoo c'ó seu peso.

No céo, latexan medosamente algunhas estrelañas e a lúa érguese por riba d'un curuto, percisando as siluetas fantásticas dos pinos. No mar, que se olla n'unha lonxanía dourada pol-as derradeiras rayolas do sol, as velas das barcas de pesca son como ás de paxaros. Na terra, os sotos, leiras e congostas parecen repousar xa na noite, adormentadas pol-o cantío das carricantas. Oise, com'un salayo, a voz homilde da campana ao lonxe.

O probiño sigue camiñando pol-a liña interminable da estrada, a soias co'a miseria. As veces busca acougo no verde d'un ribazo, e séntase lembrando o seu pasado. Cruza pol-a súa mente, como cousa moi lonxana, seu fogar, que un día foi feliz; as terras que de seu traballaba sen trégoas dend'a alba até que a campana da irexa da aldea deitaba no ar os sons doces do Anxelus; seus fillos que un día emigraron a terras da América a gañárense o pan; súa muller, aquela bendita mulleriña que ll'axudaba sempre, e que un día enfermou. ¡Canto tempo no leito! ¡Todol-os aforros gastados con ela; logo a pedire cartos emprestados, e a doenza sempre a mais...!

Un día ao amencere, a mulleriña quedou fría, amarela e estalada no leito. Vendéu súa derradeira xuvenca para pagarl' o crego e mercar unha caixa de pino, cuberta de pano negro e cativo, onde acougaría ela para sempre...

Logo as tristezas da soedade: o calvario sin compañía. O ministro que no nome da xusticia dos

homes embárgalle aquela pequena casiña onde nacera, e aquela leira que el tiña traballado dende neno... E atopouse sin pan. Colléu un fardel vello, botouno por derriba das costas e a pedire unha esmola pol-os camiños, petando ás portas, en prego d'unha caridade pol-o amore de Deus, agardando o día da súa redención que tería que ser á veira d'un ribazo, como no que acougaba agora, n'un serán ou n'unha alborada, soio cos seus doores.

Erguéuse. Tiña fame; no fardel non había xa nin un codelo xiquer.

Viña a noite de cheio. Non s'ollaba a lúa, cuberta por unha nube. Oubíanse lonxanos os oubeos dos cans vixiantes...

Un fio de luz d'algunha fiestra aldeana, amostróuselle aos seus ollos cansos. Púxose a camiñar de presa, cara a ela.

II

É unha pequena casa d'aldeia. N-unha habitación do sobrado hai dúas vellas e unha moza que parolan, e un gato, feito un novelo, n'un recuncho. Pendurados nas paredes cadros de santos. N'un veladorciño, diante d'un Neno Xesús de pau, trema a chama d'unha lampiña d'aceite.

A moza é loura, d'ollos azúes e grandes. As vellas son miudas, fracas, enrugadas.

Dos vidros das fiestras fuxía xa o ouro tremante dos derradeiros reflexos do sol. Unha vella érguese, e alcende unha vela que ao palpabrexar, deita sobr'a parede as somas negras das tres mulleres, alongándoas. O gato espreguizase e fuxe para a cociña.

—Bolita, ¿sabe?

—O qué, miña filliña.

—A probe María Antonia...

—¿Finouse?

—¡Estase finando, bolita!

—Chamarían ao señor abade...

—Si, señora. Confesouse xa. Leváronlle hoxe á mañá o viático...

—Recemos, pois, por ela, despois do rosario. Morre com'unha santiña; sempre che foi moi boa probe...

Calan. As vellas incrinan as cabezas brancas sobr'o peito e durmen. A noite está silenciosa. En baixo, na corte, óinse, ás veces, os muxidos das pacíficas vacas, que rumían a herba cachazudamente. Unha vella esperta, e a moza

pergúntalle:

—¿Rezámol-o rosario, bolita?

—E rezarémolo, si. Chama á túa tía.

A moza vai cabo da outra vella, e despértaa:

—¡Ai, miña tía, miña tía, imos rezal-o rosario!...

As tres vellas póñense de xionllos ante a imaxe do Neno Xesús. Escomenzan a rezare. Van marmulando quedidamente as oracións.

Meu Señor Xesucristo, Deus e home verdadeiro... O noso pan de cada día dánolo hoxe...

Os rezos vanse apagando mainamente, na penumbra da habitación.

—Unha oración pol-o ben das almas dos probes e dos que sofren...

Despóis de rezar de novo, unha das vellas, vólvese cara á porta da escaleira e escoita:

—¿Non ouvíchedes? —di— Parez que chaman...

—E será o vento...

—Non...

Sona un tumbo forte na porta e unha voz doente, como entalada, di:

—¡Loubado seña Deus!

—Por sempre bento e loubado seña —contestan as tres mulleres.

—Un probe —escrama unha das vellas. Logo colle a vela d'enriba do velador e vai, como arrastrando os pes, até a escaleira. Abre a porta.

O probe asoma súa faz enrugada e enxoita, e seus ollos de fitar melancónico, póusanse un instante na vella:

—Unha esmola pol-o amor de Deus; un anaco de pan pol-a y-alma das súas obrigas e dos seus difuntiños.

A vella ergue a vela para ollar ben a xeito a faz do probe. Esamínao dend'os pes a cabeza, e logo con voz doce, garimosa, cal si rezara aínda, dille baixo, baixiño:

—Deus o favoreza, irmán.

Nouturnio

I

¡Que triste, que triste é agora todo, xa sin ilusión, xa sin aquela leda e sosegada esperanza que fuxíu contigo!

Agora ¡que monotonía absurda e abafante a d'este mundo, tan cativo pr'as nosas arelas, tan pobre, tan dooroso! ¡Este mundo, eternamente repetido, que samente sabe de nos tragner ledicias e tristuras súpetas e que arríncanos o máis nobre cando precuramos pór, firmemente, o noso corazón na esperanza d'algo eterno!

II

Aínda as mañás aquelas d'inverno, escintilantes e tristeiras ¡que cheas de senso cando ti ollábasme, cando eu t'ollaba: cando víamos o campo c'as suas vidres enxoitas, c'os seus arbres sin follas, atravesado pol-o río, lixugado e desbordante; cando víamos o lonxano camiño por onde, a cabalo, marchaba, quizáis, algún montañés c'o seu gran paraugas aberto!

Aqueles serás de vrao, na que as mesmas pombiñas viñan de contado, tan brancas, paseniñamente, a inventar un breve mundo de felicidade no tellado da cas homilde!

III

¡Que triste, que triste é agora todo, xa sin ilusión, xa sin aquela leda e sosegada esperanza que fuxíu contigo!

Vellos arbres amigos qu'eiqui me vedes soio, na noite; vella lua nacente, misteriosas somas caladas, que samente a miña i-alma escoita ¡que pobres, que doorosas sodes, xa definitivamente sin ela!

IV

Agora véñome eiqui a morrer e eiqui estou. Ao me marchar —pra sempre— quixera deixar unha vida sin pégada, descoñecida de todos, esquecida moi axiña, non lembrada endexamáis.

¡Vellos arbres amigos que vos erguedes, aló enriba, n'aquel outeiro, tan distante xa dos dos meus soños; sede, meus amigos, soio vos, os que sintades eternamente (cando a brisa e o anoitecer acaden, c'a canción perdida baixo a lua e as estrelas indiferentes, a tristeza errante do campo), como eiqui latexa meu corazón eterno, desamparado e soio!

O baile e a súa socialización en Galicia

Olga Kirk Martínez
Pablo Díaz Carro
 (Colectivo de recolleita Ruote)

O momento clave da representación do baile e a música, é en tódalas comunidades o momento de socialización máis activo, e que coincide coas xuntanzas que acontecen nas festas, romarías, casamentos, etc. Nembargantes, sen ser en datas tan sinaladas, a danza acompañou durante séculos á vida cotiá. Tras as duras xornadas da sega do millo, do trigo ou do centeo, ou cando as mulleres se xuntaban para fiar o liño ou a lá, concluíase cunha pequena festa que normalmente sufragaban as mulleres. Nas zonas onde había un gaitero ou un acordeonista, elas xuntaban os cartos entre todas, e contrataban aos músicos. E se non, nos outros casos, mercaban pandeiretas que eran comunais. De feito os nomes que recibían estas pequenas festas son fías, fiadeiras, pola vilas, seráns (porque se facían a partir das seis ou sete do serán), ruadas, pandeiretadas... Incluso en moitos lugares había días preestablecidos como os luns, xoves, venres, sábados e domingos á noite, tódalas semanas. Novos e vellos xuntábanse nun alpendre á luz do candil e bailaban horas e horas, improvisando todo o tempo, non había nada prefixado. Nesas xuntanzas medio acordadas temos que distinguir dous xeitos de bailar moi diferenciados: o solto e o agarrado (do que xa falamos en artigos anteriores).

No solto podemos distinguir dous ritmos que son comúns a toda Galicia: a muiñeira, a rit-

mos de 6x8 e que é o baile e ritmo máis peculiar que nos diferencia do resto da península, e a jota, a ritmo de 3x4. Habería unha terceira danza, a carballeira, a ritmo de 2x4 que só se conserva na zona máis oriental galega, maiormente no Courel. As melodías, puntos e xeito de bailar son variadísimos duns lugares a outros, e todavía pervive unha riqueza en ambos aspectos moi salientable. Pero poderíamos distinguir unha estrutura recorrente común a todo o país. Homes e mulleres colócanse en dúas filas: tódolos homes na mesma fila e tódalas mulleres fronte á súa parella formando outra fila. O que vai de primeiro empeza sacando puntos antes que os demais, e estes teñen que seguilo, ou sexa imitar o que el fai. Ó acabar o punto fan unha roda facendo outra figuración cos pés, ou se non o que se lle chama nos grupos actualmente "tablón", é dicir, as dúas filas avanzando á par xirando en torno a un eixo central. Nalgunhas zonas toda a danza se realiza en roda, e aínda que non se sabe a razón, parece lóxico pensar que sucedería o que pasa cando se xuntan moitas parellas ao mesmo tempo, que non vían os

pés do guía que vai sacando os puntos. Especialmente porque isto pasa en zonas onde o número de bailadores era moi grande.

Practicamente sempre guiaban os homes, pois non estaba moi ben visto que a muller quixese destacar ou manifestar a súa igualdade. Moitas mulleres bailaban mellor que algúns



MEIRA (LUGO), ANOS SESENTA. Foto Arquivo Ruote

homes, pero nunca se aceptou socialmente que empezaran elas, e de feito, as mulleres de certa idade nunca empezarán se hai un home bailando aínda que a el non se lle acorden os puntos. O único caso no que era lícito que empezasen as mulleres, era se non había ningún home bailando. Como por exemplo nalgunha ocasión que tódolos homes paraban para beber, fumar ou argallar algunha trasnada, e quedaban as mulleres soas bailando, entón é cando elas tiñan licencia.

O baile de solto era tamén competitividade, ó igual que moitas outras tarefas. Falábase do mellor bailador da zona. Considerábase bo bailador aquel que bailaba máis estirado, na punta do pé, facía os puntos máis vistosos e moitas veces complexos, e ademais collía rapidamente os puntos dos demais. A boa bailadora é a que ben acompaña, ou sexa, a que colle ben os puntos, e lles dá o xeito interpretativo correcto.

Había outro baile de solto moito máis antigo, que só se mantivo na zona da Costa da Morte, do cal hoxe en día é practicamente imposible atopar informantes. Chámase a "muiñeira vella, ribeirana ou simplemente muiñeira". Toda a información que nós podemos conseguir de maneira directa remóntase a oito ou dez anos atrás como mínimo. O ritmo coincide coa muiñeira normal pero ten outra cadencia, outra acentuación. Bailábase sempre de dúas ou nalgún caso tres parellas como moito, e ten pouco que ver co que acabamos de explicar.

Representa radicalmente a sociedade de hai douscentos anos: a supremacía do home e a sumisión da muller. Colócanse dous homes fronte a dúas mulleres. Os homes danzan dun xeito máis ou menos similar ó actual, pero as mulleres fan algo completamente distinto. Os homes bailan entre eles, incluso mirándose un ao outro, cun aire moi viril e desafiante, e os brazos moi estirados coa palma da man aberta. As mulleres bailan mirando aos homes, cos brazos case pegados ao corpo, arrastrando os pés, facendo unha pequena roda fronte ao home, repetindo sempre o mesmo esquema. A estrutura da muiñeira vella é sempre a mesma. Vanse marcando as posicións do sinal da cruz e en cada posición se fai un punto. Tras isto faise unha roda onde as mulleres se apoian sumisamente no brazo do home mentres avanzan, ata chegar ao inicio outra vez, e se volve repetir todo. Ou sexa, facíase dúas veces consecutivas e remataba o baile.

Como vemos estas estruturas tan sinxelas poden rachar moitos tópicos do noso baile que se crearon nas décadas dos anos 50 e 60 para recrealo e facelo máis vistoso e que chegaron moitas veces ata os nosos días. Ben é certo que os grupos da chamada "Sección Femenina" axudaron a manter a moitos músicos e recuperaron moitos puntos de baile, pero a recreación coreográfica provocou tal influencia que nos separou durante anos do baile dos nosos ancestros.



DÚAS MULLERES BAILANDO SOLTO. 1958.

Foto: Arquivo Ruote.

Folk de sempre, de agora e rock sureño

Xosé Luis Sobrino

Bate Certo "Projecto Entropía"

Zouma Records.

Comenzaremos por reseñar un disco con sabor ós sons máis tradicionais da nosa terra, o do grupo ourensán Bate Certo. Esta gravación conta ademais co valor engadido de estar realizada durante a última actuación en público que a banda realizou en directo.

Así podemos escoitar 13 dos temas que os compoñentes de Bate Certo ofreceron na noite do 10 marzo do 2001 a toda a xente que ategaba o emblemático Café Cultural Auriense.

Música tradicional e instrumental sen aditivos externos que fan que poidamos apreciar o valor real desta banda que abandoa a escena musical despois de ter deixado o seu selo en moitos lugares e festivais de Galicia.

Chámanos a atención os nomes pretenciosos en certo modo dos títulos como por exemplo "excipientesduplos", "fosforescências" ou "unumbio" mais logo da escoita veremos como este é un xogo estético pois nada na frescura e apego á tradición deste grupo nos recordará os científicos nomes das súas composicións.

Unha mágoa que bandas como esta cunha experiencia notable ás súas costas no campo da interpretación da música tradicional e etnográfica nos abandoe; como consolo queda a escoita dos temas deste último concerto do grupo.



Berrogüeto "Hepta"

Boa Music.

No ano 1996 apareceu na escena musical galega o primeiro disco de Berrogüeto. Tiñamos así a oportunidade de disfrutar dunha banda innovadora con ideas e plantexamentos orixinais. Xa dende o primeiro álbum "Navicularia" diron pequenas mostras do que podían ofrecer dentro do panorama musical galego. Esas mostras foron avaladas polo premio da crítica alemá en 1997 e polo premio da música Eiserner Eversteiner no 1998. No ano 1999 con "Viaxe por Urticaria" confirmáronse as boas expectativas creadas co seu debut e os seus concertos por distintos lugares de Europa.

Agora temos a súa nova entrega Hepta, no que xogaron coa concepción do número sete en grego e non para unha proposta valdía senón como acto de reflexión, pois sete son as notas musicais, sete son os músicos ou sete as cores, por exemplo.

O disco non se queda tan só nunha mera concepción musical, tenta abarcar outras artes polo que o deseño, as cores, as fotografías son unha

parte esencial para entender a idea de conxunto que quere transmitir Berrogüeto con este disco.

Os compoñentes do grupo Anxo Pintos, Isaac Palacín, Quico Comesaña, Quin Farinha, Santiago Cribeiro, Guillermo Fernández e Guadi Galego uníronse para a ocasión varios músicos internacionais como o armenio Jivan Gasparian que toca o duduc, un curioso instrumento de vento, o sueco Markus Svensson que colabora con outro instrumento tradicional do seu país e finalmente o músico húngaro Kalman Balogh que colabora co cimbalom un instrumento tradicional dos Balcáns.

O resultado son 13 temas nos que podemos ver a pegada inconfundible dun dos grupos máis destacados da música galega actual.

Sugarmountain

"A little sugar for your mind"

Autoedición.

Continuando con músicos galegos pero cambiando totalmente de orientación ímonos ata Pontevedra para reseñar o último traballo discográfico de Sugarmountain. Os inicios deste grupo comezaron cunha gravación que respondía ó título de "55 Tambo Island". Un disco que incluía catro temas que se movían dentro do denominado rock sureño, con fortes influencias de bandas americanas de finais dos anos setenta.

Nesa primeira entrega podíamos atopar temas en directo como o de "Hippie Girl", unha balada tipicamente sureña como é "throw my lowe away", pasando por un tema instrumental como é o "Clint's coda" ou mesmo ata un tema de certa dureza como é "Mannish boy".

Esa primeira toma de contacto do grupo co universo da gravación fixo que se decidisen a lanzar un novo traballo.

Con este disco consolidouse o son do grupo nos que se aprecia unha evolución considerable no seu son mantendo certo acento sureño pero dando paso a un rock and roll máis aberto e contundente.

O grupo está composto por Rubén Álvarez no baixo, José Salgado na batería e na harmónica, Yago Carreño na guitarra solista, Isaac Campos nos teclados e Javier Ruano na guitarra rítmica, na acústica e na voz.

O disco pode conseguirse a través do correo electrónico: sugarmountain@softhome.net ou no teléfono 986 84 36 50

Garaje Jack "Alma en celo"

SGAE

Falando de rock de tintes sureños feito en España é imprescindible facer referencia á estrea discográfica de Garaje Jack. Os seus cinco compoñentes: Laura Rubio como vocalista, Óscar Rama e Nico Álvarez nas guitarras, Jorge Galaso no baixo e Carlos Yoja Trujo na batería, son os mellores expoñentes que a día de hoxe podemos escoitar do rock con reminiscencias de bandas míticas como Led Zeppelin ou bandas máis actuais como Black Crowes.

A súa música combina unha cuidada instrumentación e a gran calidade vocal de Laura Rubio. A orixinalidade do grupo vese refrendada ademais polo dato de que non tiveron que tirar de ningunha versión para completar os temas deste traballo.

O disco foi editado pola Sociedad Xeral de Autores Executantes e a compañía Universal como editorial e como referendo da calidade do grupo están as colaboracións de Chema Pérez e Manolo Bénitez do grupo Los Enemigos.

Disco imprescindible, posiblemente do mellor que se editou en España no xénero do rock na década pasada e nos inicios desta.



GARAJE JACK

As novas que nos chegan

Baraxeiro

EL VOLUMEN DE LA AUSENCIA, recolle unha antoloxía poética de **Xulio L. Valcárcel** (Lugo, 1953) nunha cuidada edición bilingüe galego-castelán da aragonesa Olifante Ediciones de Poesía, cun prólogo e selección do profesor Luciano Rodríguez. Valcárcel, que pertence á xeración dos oitenta e participou nos colectivos *Cravo Fondo* e *De amor e desamor*, é un autor cunha obra xa recoñecida na poesía galega contemporánea con títulos como "Véspera do día", "Alba de auga sonámbula", "Solaina da Ausencia", "O sol entre os dedos" e "Memoria de agosto". Este volume serve para repasar toda unha traxectoria de dúas décadas de poesía e ao tempo para dar a coñecer fóra das nosas fronteiras lingüísticas unha interesante voz poética de nós.



VI BIENAL DA CARICATURA, recolle nas súas 176 páxinas unha nova edición deste certame ourensán que organiza a Casa da Xuventude da cidade das Burgas baixo a coordinación de Benito Losada. Nos diversos apartados ollamos obras do "Artista invitado", o belga Jan Op De Beeck, "Caricatura Portuguesa"; a recuperación do ourensán Elisardo Seabra, a homenaxe a Fernando Quesada, mestre do humor galego, e o apartado máis importante que recolle vintedous caricaturistas galegos que están a traballar arestora, moitos con presenza na prensa galega, ademais dos noveis que presentan traballos a concurso.



EL PROBLEMA DE LA EMIGRACIÓN EN GALICIA, é un traballo que o pensador libertario vigués **Ricardo Mella** realizou en 1884. Presentado a un certame convocado polo concello de Vigo nese ano foi rexeitado polo seu radicalismo sociolóxico, aínda que sería premiado ao ano seguinte noutro certame convocado en Reus. A monografía ven de ser reeditada nun folleto de 70 páxinas polo *Ateneu Libertario* da Coruña que leva precisamente o nome de Ricardo Mella e que así contribúe a divulgar a obra e pensamento do seu "patrono".



RAIGAME, "Revista de arte, cultura e tradicións populares", que publica a Escola provincial de Danzas e o Colectivo Castro Floxo baixo os auspicios da Deputación de Ourense, sacou o pasado novembro o nº 14 que está dedicado, en boa parte, á figura de Otero Pedrayo, con varias colaboracións que non tiveran cabida no número anterior dedicado ao seu XXV cabodano, así como un feixe de cartas manuscritas de Otero. Ademais un interesante traballo sobre a cultura do viño na Ribeira Sacra, de Xosé Manuel Vázquez, e outras colaboracións.

AS 4 ALDEAS, boletín da S.C.R.D. Fillos de Ois, ven de sacar o nº 20 neste mes de maio. Ademais das novas da sociedade, destacan nas doce páxinas deste número a quinta entrega dun relato de Xulio Cuns, un artigo sobre Frei Martín Sarmiento.

TERRA CHA, Órgao das Brigadas en Defensa do Patrimonio Chairego, dedica íntegro o seu nº 7 a reproducir facsimilarmente un exemplar da "Revista del Centro del Ayuntamiento de Guitiriz Villa de Parga y sus Comarcas" publicado en Buenos Aires en decembro de 1949 polos emigrantes e exiliados desa zona. Recolle textos de Pondal, Lamas, Vicetto, Cabanillas, Manuel Roel, Emilio Pita e outros. Con esta edición as Brigadas (que tiveron que facer un grande esforzo pola falta de apoio das institucións) contribúen a recuperar a memoria histórica do seu pobo e da colectividade emigrada e exiliada en América.





De Portugal chégannos uns cantos libros e revistas, amosando a variedade da súa literatura e as amizades que imos facendo alémiño a través da nosa Xanela:

AMARANTE de **Joaquim de Vasconcelos** (1849-1936) é un estudio histórico sobre esta vila portuguesa bañada polo Tâmega, rescatado por Joaquim de Montezuma de Carvalho, autor dun erudito e extenso prólogo que aporta máis luces sobre a vila natal do grande poeta Teixeira de Pascoaes. A publicación desta obra débese a Edicións do Tâmega.

VINTÉM DAS ESCOLAS é un poemario de **Fernando Botto Semedo** que ven de aparecer en Lisboa. Autor de longa traxectoria con máis de vinte entregas poéticas, ofrécenos nesta edición de autor un mangado de poemas sobre as crianzas, os sentimentos e experiencias relixiosas. Botto é un poeta para quen "*As palabras intactas e fecundas são o pão / Da minha vida, são a luz do meu amor, E elas acompanham a minha angústia / Como enfermeiras de doces gestos beijando / A febre infinita da minha alma.*"

OS OLHARES PERDIDOS é o título do poemario de **Nicolau Saião** editado en Lisboa por Universitária Poesia con patrocinio de institucións da cidade de Portalegre. Repartidos en tres seccións (Residência Fixa, Foto Síntese da Pedra e Poemas Dedicados) os oitenta poemas que compoñen o volume, con algunhas prosas intercaladas, amosan variados rexistros e un autor con amplos e diversos intereses culturais.


No apartado de revistas consignamos:

SAUDADE, Revista de poesia achéganos o seu número 1, correspondente a decembro de 2001. Cunha anunciada periodicidade trimestral, capa de Humberto Nelson e desenho de José Rodrigues, ven de aparecer "*no espaço geográfico e sentimental de Entre-Douro-e-Minho*" esta revista que toma o nome da que é "*provavelmente a mais bela palavra da Língua Portuguesa*" con 64 páxinas dedicadas exclusivamente á poesía. A dirección corresponde ao poeta e facedor de revistas (Cadernos do Tâmega, Anto) António José Queirós e neste número colaboran autores como Adelino Ínsua, Alberto Augusto Miranda, Amadeu Baptista, Ana Paula Inácio, António Cândido Franco, Antonio Teixeira e Castro, Carlos Luís Bessa e outros.

GESTO, Revista do Círculo Artístico e cultural Artur Bual, da localidade portuguesa de Amadora, achegounos o nº 3 do pasado decembro. Fermosa publicación de pequeno formato que recolle nas súas 36 páxinas a toda cor, arte, banda deseñada, poesía e a lembranza do desaparecido pintor que dá nome á entidade editora.

Da mesma entidade é o primeiro número de **CADERNOS DE POESÍA**, un folleto de 52 páxinas con poemas de Eduardo Nascimento, Luis Maçarico e M. Conceição Baleizão, e deseño do pintor Artur Bual.

PAMPILHOSA UMA TERRA E UM POVO, publicación anual do "Grupo Etnográfico de Defesa do Património e ambiente da Região da Pampilhosa (GEDEPA) ven de cumprir vinte anos no pasado decembro. Parabéns. Interesantes traballos sobre diversos aspectos da historia local (o teatro, o traxe, o ferrocarril, o ferro forxado, a falcoaria, o pintor da mulher Manuel Jardim, o centenario do poeta cavador Manuel Alves...) completan as 120 páxinas deste vixésimo número.





ESMORGA

C/ Rollo, 34 · Tel. 981 772010 · BETANZOS

DISCO-BAR

TROUZA


Rosalía de Castro, 6-8
BETANZOS



BANCA
CAFÉ

Rúa do Castro, 2
Betanzos dos Cabaleiros
Teléfono 981 77 36 69

EIRA VELLA



Asociación Cultural
BETANZOS

Coa lingua e a cultura

Contacta con nós:
Praza do Mestre José Dapena.
Edificio das Antigas Escolas do Asilo
Betanzos. 15300

OPICHO CAROLO



AD EGA

SOPORTAIS DA FONTE DE UNTA, 10
B E T A N Z O S



aula de informática
CENTRO HOMOLOGADO DE FORMACIÓN OCUPACIONAL

R/Rollo, 32-baixo
Tel./Fax 981 773007
15300 BETANZOS

CENTRO ASOCIADO
SERVICIO GALEGO
DE COLOCACIÓN

BREGA

VENDA E DISTRIBUCION EN ALIMENTACION

Telefónos:
908 98 86 88
(981) 78 84 20

Muiños, 7
15314 Mántaras- Irixoa
(A Coruña)




LUAR
QUEIXOS

DONÍN



LIBRERÍA PAPELERÍA

Rúa do Rollo, 32 · 15300 BETANZOS (A Coruña)
Tel. 981 772649 · E-mail: donin@jet.es



OS CONDES
- CAFÉ CANTANTE -
BERGONDO
(A CORUÑA)
Tel. 981 791357

FERRETERÍA
ROQUE
MENAXE
MATERIAL ELÉCTRICO

Distribuidor: CAMPING-GAS
COPIA DE CHAVES
CERRALLERÍA · FERRAXES

Avda. Xesús García Naveira, 36
Tel. 981 773253 · BETANZOS

R/ Valdonce, 16
15300 BETANZOS
Teléfono 981 774798


MARÍA LÓPEZ JUNQUERA
JORGE DÍAZ SÁNCHEZ
clínica veterinaria
valdoncel




Almacenes **ROYAL, S.L.**

A SUA CASA EN PINTURAS
EN PINTURAS BRUGUER,
PREZOS SEN COMPETENCIA

Avda. Fraga Iribarne, s/n · Tel. 981 772714
Fax 981 772600 · 15300 BETANZOS



**Fincas
DoCastro**

Se merca ou vende. Consúltenos!

981 773636 Rúa do Castro, 17-1º



NARRATIVA

NARRATIVA

Manuel Rivas

As chamadas perdidas



As chamadas perdidas

*O novo libro
de Manuel Rivas*

XERAIS 

xerais@xerais.es • <http://www.xerais.es>

**PAPELERÍA
LIBRERÍA
REGALOS
IMPORTACIÓN**

ESTANCO

Valdoncel, 91
(Ponte Nova)
Tel. 981 770201
BETANZOS



JARUME
FOTOGRAFÍA

Plaza Alfonso IX, 10
Teléfono 981 770952 · BETANZOS

FERRETERÍA
José Luis
BUTANO

Na mesma Porta da Vila
Rúa do Castro, 9 · Plateiros, 1
Tels. 981 770410 - 981 772661 · BETANZOS